

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 1 de xuño de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 01/06/2023
- II. Asistentes á CGIC do 01/06/2023
- III. Memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas” e documentación complementaria
- IV. Rexistro *RI-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección* (curso 2021-2022)
- V. Rexistro *RI-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro* para o curso 2023-2024

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

✓ **ES enquisas satisfacción 22/23:**

- 2 maio. Eduardo Liz achega unha mensaxe ás persoas egresadas do curso 21/22 para pedirlles a súa participación nas ES
- Pendente achegar recordatorio aos outros dous colectivos. Fin de prazo: 30 xuño.

| Titulación | Alumnado | | | Profesorado | | | Egresados/as | | |
|------------|-----------|-----------|----|-------------|-----------|-----|--------------|-----------|-----|
| | Respostas | Poboación | % | Respostas | Poboación | % | Respostas | Poboación | % |
| GEE | 3 | 41 | 7% | 19 | 49 | 38% | 9 | 21 | 43% |
| GERME | 1 | 14 | 7% | 9 | 20 | 45% | 4 | 7 | 57% |

| | | | | | | | | | |
|------|---|---|-----|----|----|-----|---|---|-----|
| MUEM | 2 | 4 | 50% | 18 | 32 | 56% | 2 | 6 | 33% |
|------|---|---|-----|----|----|-----|---|---|-----|

✓ **EAD curso 22/23 – segundo cuadrimestre:**

- 12 maio. A Área de Calidade informa da participación e solicita difusión para tratar de aumentar a participación. Fin de prazo: 19 maio.
- 18-19 maio. Achégase recordatorio das enquisas mediante os espazos de Moovi e a delegación de alumnado.
- 19 maio. A Área de Calidade informa da ampliación do prazo ata o 31 de maio.

| Cód titulación | Titulación | Participación a 12/05/2023 | | |
|----------------|---|----------------------------|-----|--------|
| V09G290V01 | Grao en Enxeñaría da Enerxía | 5 | 42 | 11.90% |
| V09G291V01 | Grao en Enxeñaría da Enerxía | 23 | 592 | 3.89% |
| V09G310V01 | Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos | 4 | 9 | 44.44% |
| V09G311V01 | Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos | 8 | 182 | 4.40% |
| V09M148V01 | Máster Universitario en Enxeñaría de Minas | 6 | 56 | 10.71% |

✓ **DOCENTIA anual (centro):**

- 4 maio. Achégase documento cumprimentado cos datos da actividade docente do profesorado do centro no curso 2021-2022 no marco do programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado DOCENTIA.

✓ **DOCNET:**

- 30 maio. A Área de Calidade informa da apertura de DOCNET para as persoas coordinadoras das titulacións, para iniciar as tarefas previas de organización, actualización, etc. Reunión para aclarar dúbidas o 2 de xuño. A apertura ao persoal docente está prevista para o 12 de xuño.

➤ **Máster Universitario en Enxeñaría de Minas**

✓ **Selo EUR-ACE**

- 5 maio. Achegan o informe final (favorable) e os logos do selo.
- 19 maio. [Publicación da nova no DUVI](#).

✓ **Mención cara a Excelencia**

- 26 maio. Presentación da solicitude da Mención cara á Excelencia para o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. A Presidenta aclara que se trata dunha convocatoria anual da Xunta para as titulacións de Máster. Procedemento: cada unha das universidades do SUG fan unha primeira criba das solicitudes achegadas. Xa se solicitou na primeira edición, no 2019. Non se volveu solicitar pola baixa demanda de alumnado pero pareceu interesante facelo agora, aproveitando a documentación elaborada para a obtención do selo EUR-ACE. Aмосa a solicitude e pide suxestións aos membros da CAM para completala.

➤ **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**

- 31 maio. Segue deshabilitado no Portal de Transparencia o indicador: MER.1 Profesorado doutor en grao e mestrado por un problema na carga dos datos.

➤ **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**

- ✓ **R2-PE02 P1 - Informe para responsables académicos (31/03/2023)**
 - Á espera da próxima publicación do informe final do Programa **DOCENTIA, III convocatoria (14/15 – 18/19)**.
- ✓ **R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro (xullo 2023)**

3. Aprobación, se procede, da memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas” e documentación complementaria.

A Presidenta sinala que, tralo período de exposición pública, non se presentou ningunha alegación. Polo tanto as modificacións incluídas na memoria definitiva (Anexo III) consisten na corrección de erratas e a concreción daqueles aspectos que quedaron pendentes na memoria provisional (materias optativas, etc.). Aмосa o documento e comenta os principais cambios introducidos. Sinala a problemática do ámbito de coñecemento, a posibilidade de impartir materias optativas en inglés, indica que se completou a parte de xustificación, empregabilidade e materias optativas. Finalmente aclara que a documentación complementaria comprende a memoria económica e a memoria xustificativa, nas que non se fixeron cambios salvo a corrección das erratas detectadas.

A comisión aproba por asentimento a memoria final.

4. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022)*.

A Presidenta lembra que, previamente, se achegou o documento (Anexo IV) aos membros da comisión.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe, que é a mesma dos anteriores, e sinala os seus principais aspectos. Comenta que hai parágrafos marcados en amarelo que se corresponden a cuestións de tipo técnico pendentes de resolver e que se pide a delegación na dirección para a súa corrección.

A continuación sinala os principais indicadores, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes. Destaca os datos de inserción laboral (resultados do último estudo dispoñible).

Centro: non hai nada relevante que salientar.

GERME: pequena melloría en varios indicadores (taxa captación, nota media acceso, satisfacción...). Non se identifican cuestións importantes pero engádesse unha acción de mellora para solicitar/insistir formalmente na necesidade da correcta xestión do profesorado da titulación nas EAD, coa intención de que se teña en conta coa introdución do novo sistema (Sigma). Sinala tamén a problemática dunhas materias con baixa taxa de éxito ás que se lle vai facer un seguimento para ver a evolución no tempo.

GEE: melloran algúns indicadores pero hai peores resultados nas enquisas de satisfacción; é difícil valorar co cambio de plan coa pandemia. Sinala a problemática das novas metas fixadas para as EAD antes de que se pasara a enquisas non presenciais polo que non hai posibilidade de acadalas. A taxa de titulación é moi baixa, pero hai que observar se é algo circunstancial ou mantido no tempo. Introdúcese unha acción de mellora para potenciar de xeito específico a captación de alumnado para o GEE e a súa visibilidade ligada ao centro.

MUEM: non hai nada relevante que salientar.

Finalmente indica as conclusións do informe e os acordos acadados.

Trala exposición por parte da directora do contido do documento ábrese unha quenda de intervencións.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022), delegando na dirección a corrección das cuestións técnicas que están pendentes.

Agradece a Guillermo García e Carmen Romo o traballo realizado na recompilación da información e na elaboración do documento.

5. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2023-2024.

A Presidenta sinala que o PAT-ANEAE proposto (Anexo V) se basea no documento do curso anterior, recollendo uns pequenos axustes, eliminando a parte relativa ao desaparecido MEET (mentores, formación...) e actualizando os nomes das persoas titoras e os formularios das enquisas (anexos IV - A, B e C do documento). Pide a delegación na dirección para a corrección de posibles erratas que se detecten.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Rogos e Preguntas.

Non hai.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 58 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a un de xuño de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 01/06/2023

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 1 de xuño de 2023, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, da memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas” e documentación complementaria.
4. Aprobación, se procede, do rexistro *RI-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022)*.
5. Aprobación, se procede, do rexistro *RI-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2023-2024*.
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 25 de maio de 2023

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 01/06/2023



| Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 1 de xuño de 2023 | |
|---|-----------------------------------|
| Elena Alonso Prieto | Presidenta / Directora |
| Guillermo García Lomba | Secretario / Coord. Calidade |
| María Araújo Fernández | Coordinadora Grao ERME |
| Francisco Javier Deive Herva | Coordinador Grao EE |
| Generosa Fernández Manín | Enlace Igualdade |
| Elena González Rodríguez | Representante do PDI |
| Ana Rodríguez Rodríguez | Calidade Máster EM |
| M ^a Carmen Romo Pérez | Repr. da Administradora do centro |
| Escusan a súa asistencia | |
| Luisa Álvarez Zaragoza | Repres. do Estudantado Egresado |
| Diego López González | Representante da Sociedade |



ANEXO III

Memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas” e documentación complementaria



ANEXO IV

Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022)



ANEXO V

Rexistro R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2023-2024